

CHÁMASE COMO A VERSIÓN CASTELÁ DO 'CÁRCERE VERDE' DE XAVIER ALCALÁ, QUE PREPARA ACCIÓNS XUDICIAIS

Planeta refuga mudar o título da polémica novela de Ángeles Caso

A escritora asinou onte en Vigo exemplares do seu libro, e hoxe estará en El Corte Inglés da Coruña

REDACCIÓN

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

Ángeles Caso estivo onte en El Corte Inglés de Vigo asinando exemplares da novela coa que gañou o Premio Planeta deste ano, que aínda segue a titularse *Contra el viento*. A editorial rexeitou a petición do escritor galego Xavier Alcalá de cambiarlo, por coincidir co dunha novela súa xa publicada. *Contra el viento* é tamén o nome da tradución ao castelán que o propio Alcalá fixo da súa obra *Cárcere verde*, e teno rexistrado dende 1993, segundo informan os seus avogados.

Nun comunicado remitido polo bufete de Xoán Antón Pérez Lema, asesores xurídicos de Xavier Alcalá, explícase que a editorial se negou "tanto a cambiar o título como a suspender a comercialización da obra", polo que a xira de Caso seguirá hoxe en El Corte Inglés da Coruña.

É unha actitude que "lesiona os dereitos de autor que pertencen legalmente" ao autor de *Cárcere verde*, e os seus avogados aseguran que xa "preparan as accións xudiciais que cumpran, incluída a solicitude das medidas cautelares precisas para protexer" os intereses do seu cliente, aínda que seguen a agardar que Planeta acepte chegar a unha solución pola vía amigable. Deste xeito, o escritor tentará lograr o apoio da Asociación Galega de Escritores e do PEN Club de Galicia.

Aseguran os asesores de Xavier Alcalá que os datos do rexistro da propiedade intelectual que demos-



Ángeles Caso amosa o seu Premio Planeta xunto ao finalista de 2009, Emilio Calderón

ANDREU DALMAU

ALCALÁ XA LLE CAMBIARA O NOME Á NOVELA

A comezos dos 90, Xavier Alcalá aceptou cambiarlle o título á versión orixinal da novela da que se deriva o conflito con Planeta, porque coincidía co dunha obra de Víctor F. Freixanes. Alcalá tiña pensado que *Cárcere verde* se chamase "A cidade dos Césares", pero tivo coñecemento que Freixanes estaba a escribir un borrador co mesmo título e, "consciente dos dereitos" do seu compañeiro de

profesión, segundo explican os seus avogados, optou por buscar unha nova denominación. Polo tanto, o que lle reclama o mestre e literato a Planeta non é máis que unha medida que el tomou voluntariamente para evitar "o menoscabo e a lesión dos intereses doutro escritor galego". Polo tanto, insiste en que non recuará e se Planeta rexeita amañar as cousas pola vía amigable, tomará as medidas necesarias.

tran que o seu cliente é o dono do título *Contra el viento* son "doadamente accesibles", e que o escritor non ten "por que cargar co gravame da negligencia" cometida pola editorial e Ángeles Caso ao non comprobar a súa dispoñibilidade.

A resposta de Planeta ás reclamacións do autor galego foi que Alcalá non ten a capacidade de reclamar os seus dereitos sobre o título, xa que "*Contra el viento* non reúne nin a creatividade nin a orixinalidade necesarias para que poida enten-

derse como protexido". E para reforzar a súa argumentación citan os casos da versión castelá dunha novela de Richard Butler, un filme de Paco Perinan e unha canción de Bog Seger, todas elas tituladas *Contra el viento*.

Os avogados de Xavier Alcalá sosteñen, pola súa banda, que "non se poden comparar dúas novelas distribuídas no mesmo territorio e na mesma lingua" con produtos audiovisuais. E no que respecta á tradución de Butler, din que "resulta de difícil comparanza polo seu grao de coñecemento público".

Xabier Alcalá non acusa a Ángeles Caso de plaxio en ningún momento, xa que as dúas obras son totalmente distintas, pero dado que a versión en castelán da súa obra "acadou unha importante difusión, mesmo como lectura recomendada no ensino", cre que a confusión o prexudica. ■